



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## **BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 9/02/2009 ACTA Nº2**

### **ASISTENTES:**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE  
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG  
D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE  
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE  
D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG  
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP  
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.  
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Blanco, grupo PP  
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

### **AUSENTES:**

D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG, que xustificó a súa ausencia.

### **SECRETARIO:**

D. Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día nove de febreiro de dous mil nove, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

### **ORDE DO DÍA:**

**1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores de datas 18/12/08 e 15/01/09.**



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Polo sr. alcalde dase a coñecer as actas anteriores pendentes de aprobación correspondentes as sesións ordinaria de data 18/12/08 e extraordinaria de data 15/01/09. O non haber observacións enténdense aprobadas por unanimidade.

## **2º.- Aprobación expediente de contratación Obra: “Edificio municipal de uso múltiple: escola de música e danza e oficinas sindicais”.**

Visto o proxecto de obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”, redactado polo Arquitecto D. Plácido Lizancos Mora, cun orzamento de licitación de 1.395.598,37 euros e 223.295,74 euros de IVE, aprobado por acordo plenario de data 15/01/2008.

Visto o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e apróbanse Créditos Extraordinarios para Atender ao seu Financiamento.

Vista a solicitude presentada telemáticamente en data 16/01/2009 segundo o regulado no artigo 5 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, e o punto segundo da Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial. Solicitude acompañada dunha memoria explicativa do proxecto de investimento.

Visto que se trata dunha obra de execución inmediata, e recibíuse autorización para o financiamento do proxecto por Resolución polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial de data 28/01/2009 e que a mesma, foi publicada na páxina Web do Ministerio de Administracións Públicas.

Resultando que por Providencia de Alcaldía de data 28/01/2009 iniciouse con carácter de urxencia o procedemento de contratación da obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”.

Vista a acta de replanteo de data 2/02/2009.

Visto o informe xurídico do Secretario municipal do día 29/01/2009

Visto o informe favorable de Intervención do día 3/02/2009.

Considerando o disposto en canto á tramitación de urxencia nos artigos 96 da LCSP, 52 da Lei 30/92, e 9 do Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro de 2008.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 94 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de urbanismo de data 5/02/2009.

Aberto o debate o Sr. Varela Rodríguez, portavoz do grupo PP, afirma que o seu grupo mantén a abstención da comisión informativa de urbanismo polos motivos que se dixeron no pleno anterior de aprobación do proxecto de obra.

O Pleno da Corporación, por seis votos a favor correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG e seis abstencións correspondentes os membros do grupo PP, ACORDA:



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación da obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto D. Plácido Lizancos Mora, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación; e efectuar os seguintes nomeamentos:

- o Arquitecto D. Plácido Lizancos Moura, Director facultativo da obra.
- o Arquitecto Técnico D. José María Palomero Gómez, Director de execución da obra e coordinador en materia de seguridade e saúde da obra.

TERCEIRO.- Acordar a tramitación de urxencia do expediente de acordo coa finalidade do Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro de 2008, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local para dinamizar a economía incidindo directamente na creación de emprego.

CUARTO.- Autorizar, en contía de 1.395.598,37 euros e 223.295,74 euros de IVE, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida orzamentaria correspondente.

QUINTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Perfil do contratante o anuncio de licitación, para que durante o prazo de trece días poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

### **3º.- Solicitude á Deputación Provincial de Lugo de financiación do “Proxecto de obra básico e execución de piscinas ao aire libre e areas de lecer” con cargo o importe do canón de enerxía eléctrica para o ano 2009.**

Resultando que por acordo plenario de data 24/04/2008 se aprobaron as bases que rexeran o convenio extraxudicial entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Chantada para saldar a débeda do canón eléctrico.

Considerando o disposto en canto á colaboración interadministrativa nos artigos 55 e 57 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6.5 e 88 da Lei 30/92, do 26 de novembro; e na Lei de Contratos do Sector Público.

Considerando o disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 7/85, do 2 de abril (LBRL).

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de urbanismo de data 5/02/2009

Aberto o debate o Sr. Piñeiro Diaz, Tenente de Alcalde, explica que como se informou na comisión informativa de urbanismo, a finalidade desta actuación é a recuperación e posta en valor de lugares de convivencia para os veciños, polo que o arranxo das piscinas é fundamental para todos e o Goberno Municipal decidiu facer a obra con cargo ao canon para o ano 2009.

O Sr. Varela sinala que se debería de pelexar doutro xeito para que esa obra non fose con cargo ao canon, e xestionarse a través da Dirección Xeral de Deportes dado o gasto que supón para o Concello.

O Sr. Piñeiro considera que é unha obra para todos, e que se intentou unha xestión ante a Dirección Xeral de Deportes para facer o investimento a tres bandas, Consellería, Deputación e



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Concello, pero dixeron que ao non ser unha obra exclusivamente deportiva, senón máis ben de recreo, non podía entrar nesa partida.

O Sr. Varela sinala os exemplos de tres piscinas na provincia de Lugo que foron financiadas pola Deputación Provincial, as de A Pastoriza e Becerreá que son climatizadas, e as de Castroverde que son exteriores, afirmando que Chantada podía habelo feito deste xeito.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Deputación Provincial de Lugo a financiación do “Proxecto de obra básico e execución de piscinas ao aire libre e areas de lecer” por importe de 420.000 euros con cargo o importe do canón de enerxía eléctrica para o ano 2009.

**SEGUNDO.-** Comunicar o presente acordo á Deputación Provincial de Lugo.

**4º.- Solitude á Consellería de Vivenda de colaboración para a execución de obras de “Renovación urbana en espazos públicos”.**

Visto o escrito da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda do día 28/01/2009, RE nº 371 de 30/01/2009, en relación coa colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Chantada para as obras de “Acondicionamento de espazos públicos: Praza Lama das Quendas e entorno do pavillón, Campo da festa de Santiago de Arriba, Costoira, Praza de Vilamea, Praza do cruceiro de Centulle, Praza de Mariz, Praza de Penasillás, Adro do monasterio do Salvador de Asma”.

Considerando o disposto no Decreto 246/1992, de 30 de xullo, que regula ás condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais.

Considerando o disposto en canto á colaboración interadministrativa nos artigos 55 e 57 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6.5 e 88 da Lei 30/92, do 26 de novembro; e na Lei de Contratos do Sector Público.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de urbanismo de data 5/02/2009.

Aberto o debate o Sr. Piñeiro explica que é un convenio importante para Chantada, que as obras desta primeira actuación ascenden a 1.200.000 euros, dos cales a Consellería de Vivenda achega o 80% e o Concello o 20%, e que o interese público e social está máis que xustificado. Sinala tamén que a comisión informativa de urbanismo os técnicos do concello informaron en que consistían cada unha das actuacións, e que os proxectos están a disposición dos concelleiros no Concello.

O Sr. Varela móstrase favorable con esas actuacións que son beneficiosas para os veciños.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Consellería de Vivenda e Solo a realización dun convenio de colaboración co Concello de Chantada para a execución das obras de “Acondicionamento de espazos públicos: Praza Lama das Quendas e entorno do pavillón, Campo da festa de Santiago de Arriba, Costoira, Praza de Vilamea, Praza do cruceiro de Centulle, Praza de Mariz, Praza de Penasillás, Adro do monasterio do Salvador de Asma”.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

SEGUNDO.- Comprometerse á posta a disposición da Consellería de Vivenda e Solo, libre de cargas e gravames, os terreos necesarios para a normal execución das obras; á concesión dos correspondentes permisos e autorizacións necesarios para a execución das obras; a renunciar a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras; e a recibir as obras realizadas e asumir a súa conservación, mantemento e explotación.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Tenente de Alcalde, D. Ildefonso Piñeiro Díaz, para a sinatura do correspondente convenio de colaboración e demais actuacións precisas para a execución deste acordo.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo á Consellería de Vivenda e Solo.

## 5º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

### 5.1.- Moción do BNG “Condena do ataque israelí contra a Franxa de Gaza, en Palestina”.

*“Nos últimos días o exército de Israel ten bombardeado e invadida a franxa de Gaza, en Palestina, provocando centos de vítimas, maioritariamente nenos, nenas e mulleres, sen contar os centos de feridos e feridas de carácter grave.*

*Este ataque é un crime de guerra que aparece como colofón de máis dun ano de bloqueo do Estado de Israel contra o pobo de Gaza, que xa provocara unha grave crise humanitaria, e as súas vítimas súmanse aos máis de 5.000 palestinos mortos desde setembro do ano 2000, en que empezou a rebelión contra o Estado israelí na coñecida como Segunda Intifada, e onde tamén morreron máis de 900 nenos e nenas.*

*Queremos manifestar a nosa solidariedade co pobo de Palestina, facer un chamamento a que se deteña inmediatamente a agresión contra Gaza, instando ao Estado español e comunidade internacional a condenar os ataques, impoñendo ao Estado de Israel condenas diplomáticas e comerciais, e consecuentemente adoptar polo Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:*

- 1. Rexeitar os bombardeos e invasión levados a cabo polo exército de Israel, que evidencian o colofón da blocaxe perpetrada polo Estado israelí contra o pobo de Gaza, en Palestina, constituíndo un crime de guerra.*
- 2. Transmitir a solidariedade e apoio á representación do pobo de Palestina en Galiza.*
- 3. Remitir cadanseu escrito de condena ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno español, Ministerio de Asuntos Exteriores e Embaixada de Israel, coa petición de que o Estado español suspenda as relacións diplomáticas e económicas co Estado de Israel até que non se poña fin á agresión militar, invasión e blocaxe que está a perpetrar na franxa de Gaza, en Palestina..*
- 4. Solicitar, así mesmo, que o Estado español inste oficialmente ao cumprimento das reiteradas resolucións da ONU relativas á retirada do Estado de Israel dos territorios ocupados; ao tempo que se demanda, no marco das Nacións Unidas, o envío inmediato dunha misión de observación e interposición co fin de garantir a fin da blocaxe e da agresión militar.“*

Defende a moción o Sr. Piñeiro, que explica que é unha moción que presentaron a principios de xaneiro en pleno ataque israelí contra a franxa de Gaza, e que quizais habería que reformala un pouco agora, pero que o importante da moción é condenar todo tipo de ataques contra o pobo palestino.

O Sr. Varela manifesta que nalgúns puntos da moción pode estar de acordo pero que noutros



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

está en total desacordo, polo que sería mellor deixala para consensuala noutro Pleno. Sinala que quizais non sexa o mellor xeito de defenderse por parte de Israel, pero que tamén hai que ver que “Hamás” foi declarada como unha organización terrorista e que os organismos internacionais e os países da contorna intentaron moitos procesos de negociación e de paz que foron infrutuosos, polo que seguramente todos terán parte de culpa e o mellor sería absterse.

O Sr. Piñeiro afirma que aínda mirando o conflito desde os dous puntos de vista as actuacións de Israel foron completamente desproporcionadas, e que “Hamás” gañou unhas eleccións e era un goberno legalmente establecido.

O Sr. Iglesias sinala que as guerras teñen as regras reguladas e que as respostas teñen que ser proporcionadas, e que Israel foi aumentando a represión nos últimos anos e a súa

actuación é condenable, polo que van a apoiar a moción.

Sometida a moción a votación é aprobada por seis votos a favor correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG e seis abstencións correspondentes os membros do grupo PP.

## 6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

1. Sr. Castor Novoa: Hai un charco de auga nas piscinas por unha pingueira que está deteriorando a madeira e vai supor un gasto carísimo arranxala.

- Sr. Piñeiro: A Dirección Xeral de Deportes vai asumir os arranxos dese problema nas piscinas, non puideron subir polo temporal pero xa hai diñeiro e unha empresa contratada para arranxalo.

2. Sr. Iglesias: Mostrar a nosa satisfacción polos funcionarios do Concello que traballaron no expediente da obra do multiusos, en especial o departamento de Secretaría que dada a urxencia do expediente dedicaron un tempo extra e todo saíu ben.

E sendo, as vinte horas e trinta e cinco minutos, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 9 de febreiro de 2009

O Alcalde

O Secretario

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - [www.concellodechantada.org](http://www.concellodechantada.org)